



Edificios encantados

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Dicionario dos seres míticos galegos

Xénero: Ensaio

Editorial: Edicións Xerais de Galicia

Ano de publicación: 1999 (1^a ed.), 2000(2^a ed.), 2002 (3^a ed.), 2004(4^a), 2006 (1^a en castellano), 2008 (5^a) 2022 (6^a)

Lugar de publicación: Vigo ISBN: 84-8302-363-6

Autores: CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro / MIRANDA RUÍZ, Xosé / REIGOSA CARREIRAS, Antonio. Ilustracións: Lázaro ENRÍQUEZ

O Diccionario dos Seres Míticos Galegos é unha viaxe a través da mitoloxía do país, asentada na oralidade dos devanceiros e, daquela, un libro de consulta práctico, útil e fermoso ó tempo, pero tamén é unha viaxe que atravesa páxinas de forte contido narrativo, e lectura amena, entretida e divertida. Co rigor dun diccionario e o feitizo dunha novela apaixonante, este libro constitúe unha das más importantes aportacións ó patrimonio cultural galego nos últimos

anos. Nas 710 entradas das que consta o Diccionario dos Seres Míticos Galegos pode o lector atoparse con xente cativa, xigantes, olláparos, ananos, xacias, sereas, xerpas, rabenos, encantos, lamias, lavandeiras; entrar no pazo dos mouros e conversar coa Mourindade; roubar o peite da moura; recoller carbóns que se convertan nun tesouro; sufrir con paciencia a trasnos, diaños e tardos; durmir con Pedro Chosco; ter medo da Estadea; fuxir con Brancaflor ou oír os contos de María Castaña. O lector poderá visitar as tumbas de Orcavella e a Raíña Lupa; asaltarás casas con Pepa a Loba; beberá na fonte de Ana Manana; voará con meigas, chuchonas e nubeiros; correrá sete parroquias cos lobishomes; verá como Deus crea demos e anxos; asombrarase con lobos, cobras, dragóns, basiliscos, cucas, unicornios; navegará no Bergantín Pantasma; andará os camiños coas áimas da Compañía; tremerá na noite ó escoitar o Paxaro da Morte; enfrentarase co Can Negro, co Lobo Branco, coa Peregrina, coa Zarrulada, co urco e coa Pastoriña; visitará cidades asolagadas e enterradas, como Antioquía, Lucerna ou Valverde, Pozos Peagos e entradas do inferno, Camiños ó Alén e Cabos do mundo; coñecerá os cocos, tales como o home do saco, o sacaúntos, Maríamanta, a meiga dos dentes verdes, o zampón e o orco; lerá o Ciprianillo e desatoará decididamente o saco para pillar os biosbardos. Para atopalos, só hai que abrilo por calquera páxina e aparecerán, por orde alfabetica, todos estes seres, entes, lugares, espíritos, ...

